

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **PROVINCIAL**

#### **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

#### **Subvencións e axudas**

*BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA EDICIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2022*

*BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA EDICIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2022*

*A Deputación de Pontevedra asume desde 1940 a produción propia de publicacións. En 1986 creou o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, no que se integrou a actual Sección de Publicacións cunha estrutura ben definida. O seu labor céntrase na edición de traballos que abordan temas relacionados coa provincia, con interese para a cidadanía, prestándolle especial atención á historiografía, así como a outros estudos de investigación relacionados cos concellos da provincia e coas súas tradicións, e mesmo abrangendo todo o ámbito galego cando se consideran de interese para a provincia.*

A defensa e a promoción da lingua e da cultura galega vén recollida no artigo 3 da Constitución, no que se establece que “a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”. No artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia recóllese tamén a obriga dos poderes públicos de Galicia de potenciar a utilización do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e dispoñer dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Así mesmo, no artigo 6.4 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, sinalase que a Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego, e as corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei.

Por outra banda, o artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, establece que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a destacar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario.

A Deputación de Pontevedra, de acordo co disposto no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ten entre as súas competencias fomentar o desenvolvemento económico e social da provincia, que poderá materializarse mediante accións que teñan por obxecto o estudo, a divulgación, a exaltación ou a posta en valor do seu patrimonio cultural material ou inmaterial. Tal pronunciamento tamén aparece regulado no artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Na defensa do uso da lingua galega e segundo a propia Ordenanza de normalización lingüística aprobada polo Pleno provincial o 23 de maio de 1989, e tal e como se establece no artigo 10 “con carácter xeral, as publicacións editadas pola Deputación, teñan ou non carácter periódico, e as



Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

campañas de divulgación e publicidade, realizaranse en lingua galega". A situación sociolingüística do galego na provincia fai necesario que se aposte por levar a cabo a publicación de estudos que incidan neste aspecto.

O fomento da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida social, política, económica e cultural é outro obxectivo fundamental da Deputación de Pontevedra. Debido á invisibilización que durante séculos sufriu a muller, poñeranse en valor personalidades femininas relevantes da provincia, ademais de calquera actuación dirixida á consecución dunha igualdade real.

A Deputación de Pontevedra convoca esta liña de subvencións públicas en réxime de concorrencia competitiva en virtude do artigo 9.2 da Constitución, no que se recolle o principio de igualdade material, establecendo que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Así mesmo, nestas bases inclúese un apartado específico que persegue fomentar a edición de publicacións dirixidas especialmente a persoas con diversidade funcional, co obxectivo de achegarlle a este colectivo a riqueza lingüística, cultural e patrimonial do noso territorio. O acceso aos libros e á cultura é unha peza clave para a alfabetización e a aprendizaxe permanente das persoas con diversidade funcional, tamén para a súa liberdade de expresión e opinión (aspectos recollidos no cuarto Obxectivo de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, que defende a calidade inclusiva e equitativa da educación e a promoción de oportunidades de aprendizaxe permanente para todas as persoas).

Debido ao elevado número de solicitudes recibidas neste servizo para a edición de traballos de interese cultural para a provincia, moitas delas non poden ser atendidas pola imposibilidade de contar con recursos tanto materiais coma humanos. Establécese, polo tanto, a necesidade de elaborar unha convocatoria de bases de subvencións para edicións, mediante concorrencia competitiva, co obxecto de cubrir esta demanda e axudar a financiar os custos que implica a edición de documentos en formato papel e en audiovisual ou mixto, así como os doutras edicións de carácter especial que cubran os obxectivos da edición institucional.

Segundo o exposto con anterioridade e en execución das súas competencias enunciadas, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPACAP); na ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes:

## BASES REGULADORAS

### Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases regular o procedemento de concesión, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, de subvencións públicas destinadas á edición en formato papel e a edicións audiovisuais, mixtas e noutros formatos



Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

especiais coma braille, que se editen durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022, coa finalidade de colaborar na difusión de traballos en lingua galega considerados de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo.

### **Segunda. Xéneros subvencionables**

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, concederá subvencións segundo os principios de concorrencia competitiva, obxectividade, transparencia, publicidade, igualdade e non discriminación, para a edición de monografías, revistas ou calquera outro tipo de documento de interese, en diferentes modalidades e formatos:

#### *Modalidade A. Ficción*

Nesta modalidade subvencionaranse os seguintes traballos:

- Audiovisuais: aquelas edicións de interese provincial en formato audiovisual que constitúan unha produción allea á propia Editorial da Deputación de Pontevedra
- Banda deseñada: aqueles traballos que busquen consolidar produtos innovadores de difícil saída comercial ou dedicados a públicos específicos, sempre que o seu contido teña un carácter divulgativo respecto á lingua e á cultura galegas
- Edicións especiais en braille e noutros formatos adaptados: traballos de difícil cabida no circuío das editoriais privadas, que favorezan o acceso universal a contidos de interese para a provincia

#### *Modalidade B. Non ficción*

Para conceder a subvención valoraranse as edicións de ensaios e estudos que teñan relación con aspectos da provincia, de persoas ou colectivos relevantes desta que teñan incidencia nela e que se engloben nos seguintes apartados:

1. En relación coas seguintes disciplinas artísticas:

- Arquitectura e urbanismo
- Danza
- Escultura
- Música
- Pintura, incluídos catálogos de exposicións colectivas ou certames de recoñecido prestixio
- Literatura, poesía e teatro
- Cinema e audiovisual
- Fotografía
- Banda deseñada



Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

2. En relación co patrimonio, serán obxecto de subvención as edicións que se relacionen cos seguintes tipos, segundo se establece na Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia:

a) Bens inmoables catalogados que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

- Monumento: obra ou construción que constitúe unha unidade singular recoñecible de relevante interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico

- Xardín histórico: espazo delimitado produto da ordenación planificada de elementos naturais e artificiais de relevante interese artístico, histórico, arquitectónico, antropolóxico ou científico e técnico

- Sitio histórico: lugar vinculado a episodios relevantes do pasado, a tradicións populares ou a creacións culturais singulares de interese histórico, paleontolóxico (sempre que estea relacionado coa historia humana), etnolóxico, antropolóxico ou científico e técnico

- Xacemento ou zona arqueolóxica: lugar no que existen evidencias de bens móbiles ou inmoables susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica, de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico (sempre que estea relacionado coa historia humana) ou antropolóxico

- Vías culturais: vía ou camiño de características orixinais recoñecibles que forma parte, ou que formou parte no pasado, da estrutura tradicional do territorio, cun relevante interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropolóxico

- Lugar de valor etnolóxico: ámbito no que permanecen testemuños relevantes e recoñecibles de actividades ou construcións vinculadas ás formas de vida e á cultura tradicionais do pobo galego que resulten de interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico ou antropolóxico

- Conxunto histórico: agrupación de bens que conforman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, cunha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade que resulta un testemuño cultural significativo polo seu interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico, aínda que individualmente os elementos que a conforman non teñan unha especial relevancia

- Paisaxe cultural: lugar identificable por un conxunto de características culturais materiais e inmateriais singulares, obras combinadas da natureza e do ser humano, que é o resultado do proceso da interacción e interpretación que unha comunidade fai do medio natural que o sustenta e que constitúe o soporte material da súa identidade

- Territorio histórico: ámbito no que a ocupación e as actividades das comunidades ao longo da súa evolución histórica caracterizan un ámbito xeográfico relevante polo seu interese histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial ou científico e técnico



Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

b) Patrimonio cultural inmaterial:

- A lingua como vehículo do patrimonio cultural inmaterial, regulada pola súa normativa específica

- As tradicións e as expresións orais

- A toponimia

- As artes do espectáculo (en especial a danza e a música), as representacións e os xogos

- Os usos sociais, os rituais, as cerimoniais e os actos festivos

- Os coñecementos e os usos relacionados coa natureza e co universo

- As técnicas artesanais tradicionais, as actividades produtivas e os procesos

3. En relación con aspectos históricos, coma a memoria histórica democrática.

4. En relación co fomento da igualdade entre sexos, serán obxecto de subvención as edicións que poñan en valor o papel histórico da muller.

5. En relación co fomento da normalización da diversidade funcional.

Non terán a consideración de gastos subvencionables os que correspondan:

1.—Á adquisición de bens de equipamento cuxa amortización exceda o período de execución das actividades previstas nas bases

2.—Aos xuros debedores das contas bancarias

3.—Aos xuros, recargas e sancións administrativas e penais

4.—Aos gastos de procedementos xudiciais

5.—O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación

### **Terceira. Requisitos**

As publicacións subvencionadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

1.—Editarse exclusivamente en galego (con excepción das citas literarias), agás as que atinxan aos formatos especiais que non teñan esa posibilidade

2.—Ser de interese municipal, provincial ou comarcal

3.—Incorporar un pé de imprenta ou créditos finais que inclúan a enumeración de responsabilidades e, no seu caso, todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente

4.—Non ser distribuídas exclusivamente como suplemento con outra publicación



Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

5.—Así mesmo, de conformidade coa Lei 4/2005, de 18 de febreiro, para a igualdade de mulleres e homes, facer un uso non sexista de todo tipo de linguaxe (documental, visual etc.) na execución do proxecto e nos documentos e soportes producidos directamente ou a través de terceiras persoas ou entidades

6.—Que os proxectos que motiven a solicitude de subvención se desenvolvan durante o exercicio 2022

Quedarán excluídas do ámbito de aplicación destas bases as seguintes edicións:

- As que pertencen a partidos políticos, sindicatos ou colexios profesionais
- As que pertencen a asociacións, fundacións ou similares, cando teñan como destinatarias únicas e exclusivas as persoas asociadas
- Os proxectos que non garantan a igualdade de trato entre os dous sexos ou que inclúan calquera mostra de discriminación entre as persoas ou de maltrato animal
- As obras editadas en lingua distinta ao galego. Quedarán, así mesmo, excluídas as publicacións en galego que inclúan a tradución da totalidade ou dalgunha parte da obra a outras linguas ou que inclúan anexos nun idioma distinto ao galego
- Non serán obxecto de subvención e, polo tanto, quedarán excluídas desta convocatoria as reedicións de calquera tipo de obra editada anteriormente

#### **Cuarta. Persoas beneficiarias**

Poderán solicitar estas subvencións as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.—Carecer de fins de lucro
- 2.—Ter domicilio social no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou excepcionalmente fóra deste sempre que traten sobre temas de interese para a provincia
- 3.—Non incorrer en ningún dos supostos de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, de acordo co especificado no artigo 13 da LXS
- 4.—Estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social e non ter débedas pendentes de pagamento coa Deputación
- 5.—Non ter obrigas nin xustificacións pendentes derivadas de subvencións concedidas pola Deputación

#### **Quinta. Financiamento**

Este programa de subvencións financiarase co importe de oitenta mil (80.000) euros, con cargo á aplicación 22/332.3322.789.00.

O importe máximo da subvención para cada edición non poderá exceder o 70 % do orzamento total. No caso de publicacións en papel, non superará o importe de tres mil cincocentos (3.500) euros e no de edicións en formato audiovisual non excederá os oito mil (8.000) euros. Nas edicións mixtas, que inclúan publicacións en papel e en formato audiovisual, o importe total subvencionado non superará os oito mil (8.000) euros.



Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

No caso dos formatos especiais de edicións coma publicacións en braille, audiolibros para persoas con diversidade auditiva ou formatos para persoas con diversidade cognitiva, non superará o importe de doce mil (12.000) euros.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos e aos importes establecidos no orzamento inicial; aceptaranse desviacións máximas dun 20 % no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado. O custo dos gastos non poderá ser en ningún caso superior ao valor de mercado.

### **Sexta. Lugar e forma de presentación de solicitudes**

As entidades interesadas poderán presentar unha única solicitude a esta convocatoria, na que deberán indicar a modalidade concreta e a categoría na que participan.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Se algunha das entidades interesadas presentase a súa solicitude presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica, para o que se lle concederá un prazo de dez (10) días hábiles. En todo caso, se a emenda se efectuase fóra do prazo de presentación de solicitudes, limitarase á presentación electrónica do previamente presentado de forma presencial en papel, sen que poidan engadirse outros documentos ou rectificar os xa achegados. Todo isto sen prexuízo da emenda en xeral que, no seu caso, proceda, de acordo coas bases ou co artigo 68.1 da LPACAP.

### **Sétima. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

### **Oitava. Comprobación de datos**

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a.—NIF das entidades solicitantes
- b.—DNI ou NIE das persoas representantes
- c.—Domicilio fiscal das entidades solicitantes



Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

d.—Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

### **Novena. Documentación requirida**

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

1.—Acreditación de representación no caso de actuar por medio dunha ou dun representante (no suposto de non empregar certificado electrónico de representación de persoa xurídica)

2.—Orzamento asinado de gastos e ingresos desagregado e totalizado (que inclúa as cantidades, os prezos unitarios e o IVE individualizado)

3.—Memoria explicativa, profusamente detallada, do proxecto obxecto da subvención na que a persoa solicitante indique, de forma clara e veraz, o cumprimento dos criterios establecidos na base décimo terceira da convocatoria, para que estes poidan ser valorados pola comisión de valoración. A citada memoria, que deberá redactarse en lingua galega respectando de maneira especial a linguaxe inclusiva, poderá acompañarse dunha copia definitiva da publicación orixinal, tamén en lingua galega, premaquetada en formato papel ou audiovisual, xunto con fotografías e ilustracións, de cara a facilitar a valoración do traballo. No caso das videogravacións, deberase incluír unha sinopse ou guión e un guión gráfico ou dossier gráfico secuencial. A memoria explicativa deberá indicar, así mesmo, a modalidade e o xénero que se vai publicar, o público obxectivo potencial ao que vai dirixido e as intencións de promoción e difusión para valorar o impacto da publicación subvencionada na provincia, así como os medios técnicos para a súa elaboración e distribución

4.—Copias dos estatutos que rexen a entidade

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se acheguen de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.





Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

Non será necesario achegar os documentos que xa se presentasen anteriormente ante a Administración. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material para obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, antes da formulación da proposta de resolución.

### **Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas**

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban levar a cabo durante a tramitación deste procedemento realizaranse por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

### **Décimo primeira. Notificacións**

As notificacións de resolucións e os actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Carpeta Ciudadana e da Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

**Décimo segunda. Asesoramento**

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico prestará o apoio técnico ou a asesoría necesarios para resolver calquera dúbida ou consulta referida a esta convocatoria a través do teléfono 886 201 000 ou do correo electrónico [editorial@depo.gal](mailto:editorial@depo.gal).

**Décimo terceira. Procedemento de concesión e criterios de valoración**

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, atendendo aos seguintes criterios de valoración:

**1.—Calidade técnica da proposta (0-30 puntos)**

1.1.—O índice debe ser coherente e seguir un percorrido descritivo correcto en canto á exposición e conclusión facilitando o desenvolvemento lóxico de tempos e outros aspectos no que prime unha proposta directa e asumible polo gran público. A evolución da obra debe responder a unha estrutura lóxica, ben organizada. No caso da videogravación, terase en conta a estrutura narrativa do guión. Os apartados definidos na memoria descritiva deben adaptarse fielmente ao contido final da publicación ou da produción audiovisual ou especial (0-15 puntos)

1.2.—Achega de soporte gráfico, carácter inédito das imaxes e valoración de gráficos, esquemas e outro material de apoio. No caso das videogravacións, valorarase o guión gráfico ou dossier gráfico, así como o emprego dos recursos técnicos de gravación e posprodución (0-15 puntos)

2.—Alcance do proxecto e adecuación aos obxectivos da Deputación de Pontevedra (0-20 puntos)

2.1.—Impacto provincial en relación coa recuperación da memoria histórica (0-10 puntos)

2.2.—Igualdade social e visibilización da muller como instrumento de igualdade (0-10 puntos)

3.—Valoración da orixinalidade en canto ao formato da edición, aspectos novidosos e a súa repercusión no gran público, dándolles especial relevancia a aquelas edicións que favorezan o acceso universal á cultura, que presten atención á diversidade, coma edicións en braille ou en formatos adaptados a persoas con diversidade, que posibiliten o acceso máis amplo a elas (0-10 puntos)

4.—Achega da publicación ao desenvolvemento, normalización e promoción da lingua galega (0-20 puntos)

4.1.—Contribución á promoción do idioma galego (0-10 puntos)

4.2.—Grao de innovación da proposta en relación coa normalización do idioma (0-10 puntos)

5.—Achega do proxecto ao fomento do patrimonio galego (0-20 puntos)

5.1.—Contribución ao coñecemento do patrimonio galego nas súas diferentes tipoloxías (0-10 puntos)



5.2.—Que a edición ou a produción faga referencia a unha celebración, a un acontecemento ou a un persoeiro concreto de interese para a divulgación do patrimonio galego (0-10 puntos)

Unha vez analizada a proposta, o comité de valoración outorgaralle unha puntuación, que deberá acadar un mínimo de 50 puntos en total para que a obra poida subvencionarse.

#### **Décimo cuarta. Instrución do procedemento e proposta de resolución**

A instrución do procedemento de concesión da subvención correspóndelle á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo terceira, explicando o sistema que se seguiu, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle a Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente, a comisión de valoración instituída para tal fin realizará un estudo do informe-proposta das solicitudes de subvención emitido pola xefa do servizo.

Unha vez valorado o devandito informe, a comisión poderá:

- Solicitar cantos informes adicionais estime necesarios para resolver
- Emitir un informe respecto ás solicitudes de subvención

#### **Décimo quinta. Comisión de valoración**

A comisión de valoración é un órgano colexiado composto polos seguintes membros:

- Presidenta: a deputada delegada en materia de Patrimonio Documental e Bibliográfico, Patrimonio Material e Memoria Histórica
- Secretaria: a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra
- Vogais: dúas persoas do equipo técnico do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra ou, no seu caso, da área de Patrimonio Documental e Bibliográfico, Patrimonio Material e Memoria Histórica

A comisión de valoración presentará a proposta de resolución, que será aprobada polo órgano competente e notificada ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento é de seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o devandito prazo sen notificarlles a resolución ás persoas interesadas, a solicitude de concesión da subvención entenderase desestimada por silencio administrativo.



Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

### **Décimo sexta. Modificación da resolución**

Unha vez notificada a resolución de concesión, a persoa beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido cunha exposición razoada dos motivos, a cal poderá autorizarse sempre que se manteña a finalidade da axuda e non se danen dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motivasen e, en todo caso, no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión, e será obxecto de resolución polo órgano competente, tendo en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a comisión de valoración, logo do informe do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos

### **Décimo sétima. Compatibilidade con outras subvencións**

A subvención concedida pola Deputación de Pontevedra será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada. Para eses efectos, en canto teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a persoa beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra.

A subvención concedida é incompatible con outras axudas outorgadas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio. A persoa beneficiaria deberá comunicar, nese caso, que xa se lle concedeu outra subvención do organismo provincial.

### **Décimo oitava. Obrigas das persoas beneficiarias**

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, en particular, as persoas beneficiarias terán que cumprir as seguintes:

a) Realizar a finalidade obxecto da subvención antes do 31 de decembro de 2022 e presentar en forma e prazo a xustificación correspondente

b) Levar a cabo as medidas de difusión nos termos establecidos na base décimo novena da convocatoria, tanto en forma coma en prazo, que deberán ter a mesma relevancia que as medidas de difusión realizadas para outros entes cofinanciadores da finalidade subvencionada. Esta obriga poderá acreditarse mediante unha declaración responsable da persoa beneficiaria acompañada de fotografías, carteis ou calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade da difusión



Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

c) As persoas beneficiarias deben pagarlles ás súas acreedoras e acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, en cuxo caso deberán facelo no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro

d) As persoas beneficiarias deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificada a entidade ou a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cos límites establecidos legalmente. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de acordo co previsto no artigo 38.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre que este gasto supere o importe de novecentos (900) euros.

e) Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente anterioridade, poidan modificarse tanto o contido e a contía da finalidade subvencionada coma a súa forma e os seus prazos de execución e mais a xustificación dos correspondentes gastos

f) Se, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supera o custo total da actividade subvencionada, deberá comunicalo, en cuxo caso o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación

g) No caso contrario, cando o total das cantidades subvencionadas non cubra o custo total da edición, os exemplares editados poderán venderse por unha cantidade estimada que finalmente non exceda o importe restante non subvencionado

h) Someterse ao control financeiro, por Intervención, da subvención concedida nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016

### **Décimo novena. Publicidade das subvencións**

A Deputación de Pontevedra publicará a concesión das subvencións no BOPPO e na súa páxina web e remitiralla á BDNS.

Así mesmo, as persoas beneficiarias deberán realizar unha publicidade adecuada do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, como mínimo, na inclusión da imaxe institucional da Deputación de Pontevedra en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais ou calquera outro medio probatorio que permita constatar a realidade da difusión, como pode ser a mera expresión da colaboración institucional na páxina de créditos da publicación ou do material audiovisual subvencionado.



**Vixésima. Xustificación**

A entidade beneficiaria está obrigada a presentar a xustificación do cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención e, no seu caso, poñer á disposición da Deputación os libros e os rexistros contables necesarios para a adecuada xustificación e para o exercicio das facultades de comprobación ou control financeiro.

A entidade beneficiaria terá de prazo ata o día 31 de xaneiro de 2023 para presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, a través do modelo “instancia xenérica”, a seguinte documentación xustificativa:

a) Memoria explicativa detallada do cumprimento das condicións establecidas na solicitude da axuda e da realización da finalidade subvencionada, con expresa mención dos resultados obtidos (fotografías e demais documentación gráfica elaborada en ou para o desenvolvemento do proxecto subvencionado), asinada pola persoa responsable

b) Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo. Poñerase de relevo que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada e indicárase que o resto de xustificantes da conta se encontran no domicilio da persoa beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame.

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, cunha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos con respecto ao orzamento inicial do 20 %

c) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos debidamente conformados (xustificante de recepción da persoa beneficiaria da subvención e selo da ou do acredor; este último se fose posible), polo importe da subvención concedida; indicárase para cada factura ou documento análogo o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade

d) Acreditación de que se fixo a debida divulgación do financiamento obtido da institución provincial nos termos establecidos na base décimo novena da convocatoria. A difusión poderá acreditarse por calquera medio probatorio, como pode ser a mera expresión da colaboración institucional na páxina de créditos da publicación ou do material audiovisual subvencionado

e) Declaración de non ter recibido outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada

f) Dez exemplares como xustificante, que formarán parte do expediente, así como dos fondos bibliográficos da Deputación de Pontevedra na súa biblioteca ao servizo das persoas usuarias

g) Xustificación do cumprimento doutras obrigas impostas



Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

O incumprimento das obrigas de xustificación implicará a perda da subvención.

### **Vixésimo primeira. Pagamento**

Para o aboamento da subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, retribuirase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, pagarase a parte proporcional da subvención

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria.

### **Vixésimo segunda. Incumprimento e reintegro**

Unha vez vencido o prazo de xustificación sen que a entidade beneficiaria da subvención presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra requiriralle que a presente no prazo improrrogable de quince (15) días, contados a partir da data de recepción do requirimento.

A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS. O incumprimento por parte das persoas beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e demais normas aplicables, así como as condicións que no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar, total ou parcialmente, previo expediente oportuno, á perda do dereito ao cobro, segundo o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

No referente ás infraccións e sancións administrativas, aplicarase o previsto no artigo 52 e seguintes da LXS, e no artigo 32 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

### **Vixésimo terceira. Recursos**

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo dun (1) mes, un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditase, que se entenderá como desestimado se transcorre este período sen recibir contestación. Neste caso poderá interpoñerse no prazo de dous (2) meses un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda como desestimado.



Martes, 22 de marzo de 2022

Núm. 56

**Vixésimo cuarta. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

**Vixésimo quinta. Dereito supletorio**

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido na LPACAP; na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; na LXS; na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (BOPPO do 30 de decembro de 2016); nas Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2022; e na demais lexislación aplicable.

